

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de marzo de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez (incorpórase con retraso)
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día trinta de marzo de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(352).- ACTA ANTERIOR. Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión do 15 de marzo de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(353).- PROPOSTA DE ENCOMENDACIÓN DE FUNCIONS Ó XEFE DO SERVICIO DE ELECTROMECAÑICOS.

Seguidamente dáse conta da proposta de acordo que somete a consideración da Xunta de Goberno Local o concelleiro delegado da Área de Servicios, que di como se transcribe:

Considerando as necesidades organizativas que se demandan nos distintos servizos municipais, e en tanto en canto non se proceda á creación e desenvolvemento regulamentario das distintas Direccións Xerais e

Coordinacións Xerais, como órganos institucionais de carácter directivo previstos na Lei 57/2003, de Medidas para a modernización do goberno local, entendese nembargantes necesario artellar un mecanismo provisorio de coordinación superior de carácter técnico e administrativo en certos servizos municipais estreitamente interrelacionados nos seus respectivos ámbitos funcionais e competenciais, razón pola que se considera oportuno á adopción do acordo que a continuación se transcribirá.

Considerando en consecuencia as facultades atribuídas en materia de xestión de persoal á Xunta de Goberno local no Artigo 127.1 da lei Reguladora de Bases de réxime local, na súa redacción conferida pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, fórmulase a seguinte proposta de acordo :

- Que e a partir da data da presente resolución encoméndaselle ó Xefe de servizo de electromecánicos, Sr. D Alvaro Crespo Casal, as máximas funcións de coordinación técnica e procedimental nos expedientes administrativos que sexan obxecto de tramitación polos servizos de vías e obras, parques e xardíns, electromecánicos, parque central e parque móbil.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a precedente proposta.

3(354).- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 41/410, 11/000, 11/30642 E 11/8454.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das traballadoras sociais e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Accion Social conformados polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda concede-la prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Amalia Fernández Santamaría. Expte. 41/410.
- Manuel Fernández Justo. Expte. 11/000.
- Laurinda Da Rocha Guimaraes. Expte. 11/30642.
- Josefa Alonso González. Expte. 11/8454.

4(355).- PROXECTOS DE OBRAS E SERVIZOS PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN DA XUNTA DE GALICIA-2004. EXPTE. 2249/077.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Formación e Emprego, do 23.03.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O Plan municipal de emprego 2004-2007 foi aprobado, por unanimidade, o 26 de xaneiro de 2004 e contempla, para a promoción do emprego, os “Programas de contratación para a inserción”, que engloban ao Programa Bial (de financiamento exclusivamente municipal) e aos Programas de cooperación e Labora (subvencionados pola Xunta de Galicia).

A Orde do 29 de xaneiro de 2004, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, regula a convocatoria do Programa Labora: Xuventude con experiencia para o ano 2004 e a Orde do 5 de febreiro de 2004 regula, para o mesmo ano, os Programas de Cooperación (Subvencións para a contratación de desempregados para a realización de obras e servicios de interese xeral e social e Subvencións para a contratación de servicios públicos).

As diferencias entre ambos programas radican, principalmente, na duración das obras ou servicios e no perfil dos seus traballadores/as. Así, a Orde que regula a convocatoria de Programas de Cooperación obriga a executar as obras ou servicios, na súa totalidade, dentro do ano natural do exercicio orzamentario (ano 2004), agás autorización do órgano competente para resolver debido a causas debidamente xustificadas, tendo preferencia para a súa selección os traballadores/as con especiais dificultades de inserción laboral (parados/as de longa duración, discapacitados/as, mulleres, desempregados/as maiores de 45 anos). Pola súa parte o Programa Labora diferénciase de Programas de Cooperación en que está dirixido á contratación, necesariamente por un período de doce meses, de traballadores/as incorporados/as á base de datos do programa tras subscribir un documento de adhesión, menores de 30 anos e sen experiencia laboral.

No marco das Ordes que regulan ambos programas para o ano 2004, a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo solicitou dos diferentes departamentos municipais a elaboración de proxectos de actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a estes programas, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal e que os custos de materiais e funcionamento foran asumidos por cada departamento, especificando a partida que soportaría o gasto (achégase exemplo do escrito enviado aos departamentos).

Para o presente ano 2004, de resultas desta solicitude enviada, presentáronse unha batería de 21 proxectos para a contratación de traballadores/as naqueles ámbitos nos que, seguindo as indicacións dos/as responsables técnicos e concelleiros/as dos diferentes departamentos municipais, existía unha maior necesidade de actuación.

Esta Concellería valorou as características de cada proxecto recibido para decidir, posteriormente, a cal das dúas convocatorias se adaptaba mellor, tendo en conta dous factores: a duración imprescindible das obras/servicios e a necesidade de experiencia dos equipos de traballo.

No cadro adxunto resúmense os datos básicos dos proxectos que potencialmente poderán ser presentados á convocatoria de Programas de Cooperación, especificando, para cada un deles, o número e perfís dos/as traballadores/as solicitados/as, a duración da obra ou servicio e a subvención que se podería recibir da Xunta.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE, seguindo instrucións da concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS...”

Conclúe o informe formulando a proposta que contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aproba-las memorias para presentar á convocatoria dos Programas Cooperación que se resumen do cadro adxunto.

2º.- Asumi-las obrigas económicas que ó Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia. En base ó realmente concedido mediante as correspondentes Resolucións aprobatorias de subvención, o Concello de Vigo certificará a dispoñibilidade de fondos polo importe total da cofinanciación que lle corresponda na execución dos proxectos.

Departamento municipal solicitante	Denominación do proxecto (servicios / obras)	Traballadores/as	Duración (meses)	Subvención
SERVICIOS				
Medioambiente	“Bandeira azul”	3 coordinadores (e) 36 socorristas (p) Total: 39	3	87.027,66
OBRAS				
Montes, Parques e Xardíns	“Axardinamento e recuperación medio ambiental de zonas verdes”	1 enxeñ. Téc. Agrícola ou forestal (tm) 6 oficiais albaneis (o) 3 oficiais xardineiros (o) 1 oficial carpinteiro (o) 1 oficial fontaneiro (o) 1 oficial conductor (o) 6 peóns (p) Total: 19	6	85.434,78
	“Conservación de zonas verdes”	8 oficiais xardineiros (o) 1 oficial conductor (o) 1 oficial fontaneiro (o) 1 oficial ferreiro (o) 16 peóns (p) Total: 27	6	120.293,10
Limpeza	“Limpeza de praias”	24 peóns (p) Total: 24	4	71.284,80
Patrimonio Histórico	“Rehabilitación Xardín Histórico”	2 oficiais xardineiros (o) 1 oficial canteiro (o) 1 oficial albanel (o) 7 peóns (p) Total:11	6	49.008,30
Deportes	“Accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas nas instal. deportivas de propiedade municip.”	4 oficiais mantemento 4 peóns Total:8	6	35.642,40
Vías e Obras	“Actuacións de mellora e mantemento urbano”	1 arquitecto técn./enxeñ. técn. (tm) 1 aux.administrativo 7 oficiais albaneis (o) 2 oficiais canteiros (o) 1 oficial carpinteiro (o) 9 conductores (o) 5 conductores motoniveladora (o) 2 oficiais ferreiros (o) 2 oficiais fontaneiros (o) 8 oficiais pavimentadores (o) 2 oficiais pintores (o) 30 peóns (p) Total: 70	6	312.441,96
Electromecánicos	“Mellora dos niveis de iluminación...”	1 enxeñ. técn. Ind. (tm) 4 oficiais electricistas (o) 8 peóns (p) Total: 13	6	58.702,98
TOTAL PROGRAMAS DE COOPERACIÓN			211	819.835,98

(ts): técnico superior. (tm): técnico medio. (e): encargado. (o): oficial. (o a): oficial administrativo. (p): peón.

5(356).- PROXECTOS DE OBRAS E SERVICIOS PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DO PROGRAMA LABORA DA XUNTA DE GALICIA-2004. EXPTE. 2248/077.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servicio de Formación e Emprego, do 23.03.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O Plan municipal de emprego 2004-2007 foi aprobado, por unanimidade, o 26 de xaneiro de 2004 e contempla, para a promoción do emprego, os “Programas de contratación para a inserción”, que engloban ao Programa Bial (de financiamento exclusivamente municipal) e aos Programas de cooperación e Labora (subvencionados pola Xunta de Galicia).

A Orde do 29 de xaneiro de 2004, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, regula a convocatoria do Programa Labora: Xuventude con experiencia para o ano 2004 e a Orde do 5 de febreiro de 2004 regula, para o mesmo ano, os Programas de Cooperación (Subvencións para a contratación de desempregados para a realización de obras e servicios de interese xeral e social e Subvencións para a contratación de servicios públicos).

As diferencias entre ambos programas radican, principalmente, na duración das obras ou servicios e no perfil dos seus traballadores/as. Así, a Orde que regula a convocatoria de Programas de Cooperación obriga a executar as obras ou servicios, na súa totalidade, dentro do ano natural do exercicio orzamentario (ano 2004), agás autorización do órgano competente para resolver debido a causas debidamente xustificadas, tendo preferencia para a súa selección os traballadores/as con especiais dificultades de inserción laboral (parados/as de longa duración, discapacitados/as, mulleres, desempregados/as maiores de 45 anos). Pola súa parte o Programa Labora diferénciase de Programas de Cooperación en que está dirixido á contratación, necesariamente por un período de doce meses, de traballadores/as incorporados/as á base de datos do programa tras subscribir un documento de adhesión, menores de 30 anos e sen experiencia laboral.

No marco das Ordes que regulan ambos programas para o ano 2004, a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo solicitou dos diferentes departamentos municipais a elaboración de proxectos de actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a estes programas, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal e que os custos de materiais e funcionamento foran asumidos por cada departamento, especificando a partida que soportaría o gasto (achégase exemplo do escrito enviado aos departamentos).

Para o presente ano 2004, de resultas desta solicitude enviada, presentáronse unha batería de 21 proxectos para a contratación de traballadores/as naqueles ámbitos nos que, seguindo as indicacións dos/as responsables técnicos e concelleiros/as dos diferentes departamentos municipais, existía unha maior necesidade de actuación.

Esta Concellería valorou as características de cada proxecto recibido para decidir, posteriormente, a cal das dúas convocatorias se adaptaba mellor, tendo en conta dous factores: a duración imprescindible das obras/servicios e a necesidade de experiencia dos equipos de traballo.

No cadro adxunto resúmense os datos básicos dos proxectos que potencialmente poderán ser presentados á convocatoria do Programa Labora, especificando, para cada un deles, o número e perfís dos/as traballadores/as solicitados/as, a duración da obra ou servizo e a subvención que se podería recibir da Xunta.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE, seguindo instrucións da concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS..”

Conclúe o informe formulando a proposta que contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aproba-las memorias para presentar á convocatoria dos Programa Labora que se resumen do cadro adxunto.

2º.- Asumi-las obrigas económicas que ó Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia. En base ó realmente concedido mediante as correspondentes Resolucións aprobatorias de subvención, o Concello de Vigo certificará a dispoñibilidade de fondos polo importe total da cofinanciación que lle corresponda na execución dos proxectos.

Departamento municipal solicitante	Denominación do proxecto (servizos / obras)	Traballadores/as	Duración (meses)	Subvención
SERVICIOS				
Turismo e Comercio	"Vigo paso a paso"	3 diplom. empresas e activ. turíst. (tm) Total: 3	12	31.436,28
Arquivo	"Catalogación e inventario do arquivo municipal de Vigo"	14 licenciados en historia (ts) 2 auxiliares administrativos Total: 16	12	193.782,00
Xuventude	"Actualización e organización da Biblioteca e Área de documentación da casa da Xuventude"	1 licenciado en Historia (ts) Total:1	12	12.629,52
Deportes	"Inventario e actuacións para as instalacións deportivas de Vigo"	1 arquitecto (ts) 2 FPII Delineación de edificios (o a) 1 FPII Desenv. Aplicac. Informátic. (o a) Total:4	12	38.082,60
Voluntariado	"Oficina de Voluntariado"	1 licenc. psicolox., sociol., polític. (ts) 1 educador soc., traballador soc. (tm) Total: 2	12	23.108,28
Cedro	"Actualización de protocolos de coordinación interinstitucional"	1 diplomado traballo social (tm) Total: 1	12	10.478,76
Gabinete de prensa	"Xornal dixital, tarefas de apoio"	2 licenc. periodismo (ts) Total: 2	12	25.259,04
Biblioteca Pública Central de Vigo	"Contol e catalogación dos fondos da Biblioteca Pública Central"	3 licenciados (ts) Total: 3	12	37.888,56
Biblioteca Pública Central de Vigo	"Servizo de atención ó público...na Biblioteca Pública Central"	6 bacharelato (p) Total:6	12	53.463,60
Muller	"Visualización e incorporación da perspectiva de xénero..."	1 licenc Socioloxía (ts) Total:1	12	12.629,52
Casa Galega da Cultura	"Informatización dos arquivos da Casa Galega da Cultura"	2 licenc. historia (ts) 1 licenc. filoloxía galega (ts) Total:3	12	37.888,56
Casa Galega da Cultura	"Actualización da informatización de fondos das bibliotecas da Casa Galega da Cultura"	2 licenc. historia (ts) Total:2	12	25.259,04
Educación	"Dinamización da mediateca do IME"	2 licenc. historia (ts) Total:2	12	25.259,04

TOTAL PROGRAMA LABORA	46	527.164,8
-----------------------	----	-----------

(ts): técnico superior. (tm): técnico medio. (e): encargado. (o): oficial. (o a): oficial administrativo. (p): peón.

6(357).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VOCALÍA DA MULLER DA FEDERACIÓN VECIÑAL EDUARDO CHAO E O CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DO “PUNTO INFORMA”. EXPTE. 1626/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.03.04, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina de Muller, do 1.03.04, conformado pola concelleira delegada de dito servizo e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do “Convenio de colaboración entre a Vocalía da Muller da Federación Veciñal Eduardo Chao de Vigo e a Concellería de Muller do Concello de Vigo para o mantemento do “Punto Informa” no ano 2004.

2º.- Autorizar á Concelleira da Muller para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 9.600.- euros (nove mil seiscientos euros) con cargo á partida 463.2.227.06.08 do presuposto prorrogado para o ano 2004.

4º. Prorrogar o texto, que de seguido se dí:

En Vigo, na casa do Concello, o día de marzo de dous mil catro,

REÚNESE:

Dunha parte, D^a Lucía Molares Pérez, Concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local – Muller- do Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo.

Doutra D^a Elena González Sánchez, con DNI núm. 34.244.274 B, en representación da Federación Veciñal “Eduardo Chao” de Vigo.

As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN VECIÑAL EDUARDO CHAO PARA O MANTEMENTO DO PUNTO INFORMA”

de acordo cos seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación Municipal na súa sesión do 5 de xullo de 2000, aprobou por unanimidade o “Primeiro Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres”.

Este Plan, no seu apartado 1.1, propuña a creación dun punto de información para mulleres “Punto Informa”.

Tras tres anos de xestión do “Punto Informa” e en base a súa positiva avaliación parece oportuno continuar coa posta en marcha deste servizo especializado para as mulleres de Vigo e baixo a fórmula do convenio coa Vocalía da Muller da Federación Veciñal “Eduardo Chao”..

Para plasmar esta colaboración fórmulanse as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o “Punto Informa” nos locais que ocupa a Federación Veciñal Eduardo Chao na Praza da Princesa nº 7 de Vigo.

No “Punto informa” atenderase ás mulleres que o demanden aportándolles información xeral de interese, especialmente a que aporta un valor engadido a favor da igualdade de oportunidades, e por ende de prevención da violencia.

De igual xeito informarase das actividades e servizos especializados en muller existentes na nosa cidade, das súas condicións de acceso e temas que atenden, para facerllos máis próximos.

A denuncia dos malos tratos e a detección de casos serán parte das súas funcións e, cando sexa necesario, realizarán derivacións ós diversos servizos públicos para que as mulleres que o precisen reciban o asesoramento profesional oportuno.

Para a mellor consecución dos fins para os que se crea o “Punto Informa” quedan excluídas das funcións e tarefas que se lle encomendan mediante este convenio de colaboración aquelas propias da asistencia xurídica, da asistencia psicolóxica e /ou social.

SEGUNDA.- COMPROMISO DA FEDERACIÓN VECIÑAL EDUARDO CHAO

A creación do “Punto Informa” implica que se destine a este fin unha oficina permanente da Federación Veciñal. Estará equipada de acordo co expresado no Anexo I do convenio. A atenderá unha persoa adicada a esta tarefa durante dúas horas diarias, de luns a venres, ambos incluídos, e durante o prazo de vixencia do convenio.

Esta persoa será nomeada pola FV Eduardo Chao deberá axustarse ó perfil que se establece no Anexo II e recibir un curso específico de formación que impartirán as técnicas municipais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ó que terá que asistir obrigatoriamente.

A Vocalía da Muller da FV Eduardo Chao, comprométese a exercer o control e as inspeccións este convenio de colaboración.

A persoa ou persoal que preste servizos pola Federación Veciñal non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

TERCEIRA. – COMPROMISO DO CONCELLO DE VIGO. IMPORTE DA AXUDA E XEITO DE PAGO

O Concello de Vigo aportará nove mil seiscientos euros (9.600.- euros) en concepto de axuda para o mantemento deste servizo. Incluirá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios e os gastos de formación.

Estes gastos deberán ser xustificados semestralmente ante a Oficina da Muller do Concello de Vigo, mediante a presentación de orixinais de facturas e xustificantes de pagos efectuados. O Concello de Vigo informará da situación á comisión de seguemento.

O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

- a) A primeira por importe de 3.200.- euros coa firma do presente convenio,*
- b) A segunda por importe de 3.200.- euros no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación do servizo e xustificantes de gasto.*
- c) A terceira por importe de 3.200.- euros no mes de decembro previa a certificación do departamento da muller acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual do servizo e xustificantes de gasto.*

O Concello de Vigo aportará a documentación técnica precisa: a guía de recursos e os protocolos da intervención

CUARTA. – COMISIÓN DE SEGUEMENTO

Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola Concelleira Delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller-estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A responsable da Vocalía da Muller da Federación Veciñal Eduardo Chao de Vigo.*
- Unha técnica do Departamento da Muller.*
- Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*

QUINTA. – VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia deste convenio abrangue dende a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local ó 31 de decembro de 2004. Neste período deberán estar rematados tódos os trámites a él referidos.

Poderán ir incluíndose nel como anexos os acordos complementarios que subscriban as partes, previa a súa aprobación.

SEXTA. – PUBLICIDADE

Toda a publicidade deste servizo deberase realizar por mutuo acordo das partes, incluíndo os logotipos do Concello de Vigo, da Concellería da Muller e da Vocalía da Muller da FV Eduardo Chao en canto documento ou soporte gráfico escrito se realice.

O Concello de Vigo incluíra este servizo entre os especializados en muller que difunda mediante campañas ou publicidade.

SÉTIMA .- AVALIACIÓN

Na memoria anual e nas visitas de avaliación que se establezan para o “Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres” a Vocalía da Muller da FV Eduardo Chao axustarase ás medicións de items e demais aspectos metodolóxicos que se fixen na avaliación global da intervención municipal; isto sen menos cabo de que se realicen aportacións complementarias que se valoren de interese.

De igual xeito facilitarase o acceso de persoal autorizado á información documental que obre no “Punto Informa” e teña interese para a avaliación e xestión municipal.

OITAVA. – CONFIDENCIALIDADE

Para garantir o dereito a confidencialidade das usuarias do punto informa usaranse as claves que convirían en anónimos os datos, e fixaranse limitacións de acceso ás mesmas e incluírase unha cláusula de confidencialidade no persoal que se contrate a este fin.

NOVENA. - INCUMPRIMENTO DO CONVENIO

O incumprimento do convenio pode dar lugar á revogación do mesmo, total ou parcialmente e as correspondentes penalizacións económicas.

DÉCIMA .- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

A interpretación do presente convenio é competencia da Xunta de Goberno Local, logo de escoitar á comisión de seguemento.

UNDÉCIMA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCIONES

A Vocalía da Muller da FV Eduardo Chao declara, baixo a súa responsabilidade, non percibiren subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue ó presente convenio. De percibiren algunha será comunicada expresamente ó Concello para ser deducido o seu importe da axuda concedida.

7(358).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA USO E GOCE DOS ESPACIOS VALEIROS DE USO PRIVATIVO NO “VIVEIRO DE ASOCIACIONES” DO CENTRO CÍVICO DO CASCO VELLO (2º CONCURSO). EXPTE.1930/320.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servicio de Participación Cidadá, do 11.03.04, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

No marco do programa municipal “Viveiro de Asociacións” sito no Centro de Servicios Comunitarios do Barrio Histórico, rúa Oliva, 12, o Pleno do Concello de data 27 de maio de 2002 aprobou as bases do concurso para a autorización do uso e goce de seis espazos de uso privativo que deseguido se indican, a fin de adicalos a servicios de administración e xestión de entidades asociativas da cidade.

Previo anuncio do concurso no Boletín Oficial da Provincia e nos medios de comunicación escrita desta cidade, promoveuse a concurrencia de solicitudes polo prazo de 15 días naturais; tralo que, a Comisión de Goberno na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2003, acordou adxudicalos espazos A, B, C, E, e F, e declar deserto a adxudicación do espazo D por non acadala puntuación necesaria:

<u>DESPACHOS</u>	<u>SUPERFICIE ÚTIL /M²</u>	<u>COTA COPARTICIPACIÓN ANUAL</u>	<u>ENTIDADES USUARIAS</u>
Despacho A	11,46	731 €	Plan Comunitario Casco Vello
Despacho B	8,55	544 €	Asociación Galega de Lupus (A.G.A.L.)
Despacho C	23,58	1502 €	GRUPO ERVA
Despacho D	13,94	888 €	“Deserto”
Despacho E+E´	17,07 + almacén de 4,64	1381 €	Asociación de Familiares Galegos de Alzheimer (A.F.A.G.A.)
Despacho F+F´	15,33 + almacén de 2,83	1279 €	Escola de Tempo Libre Xaruma

Con posterioridade ó devandito acordo, e por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello, 02-04-03, renunciou ó disfrute do local a entidade Escola de Tempo Libre Xaruma, o cal conleva que finalmente se atopen valeiros os seguintes locais:

<u>DESPACHOS</u>	<u>SUPERFICIE ÚTIL /M²</u>	<u>IMPORTE ANUAL</u>
Despacho D	13.94	888 Euros
Despacho F	15.33 + almacén de 2,83	1279 Euros

Polo anteriormente exposto, a Comisión de Goberno de data 29.09.03, acordou :

“1º.- Aproba-la segunda convocatoria para a autorización dos espazos D e F.. e 2º promove a concurrencia de solicitudes conforme o procedemento previsto nas cláusulas vixesimosegunda e vixesimoterceira das bases do concurso... (expte.- 1930/320)”.

Tralo anuncio desta segunda convocatoria no BOP nº 215 de data 06.11.03 e medios de comunicación locais de data 07.11.03, promoveuse a concurrencia de solicitudes durante o prazo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte a devandita publicación (21.11.03); resultando presentadas as seguintes solicitudes:

1º.- ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS DE VIGOVELLO:

2º.- COLECTIVO DE LESBIANAS E GAIS DE VIGO. (LEGAIS):

Examinadas as solicitudes xunto ca documentación presentada, procede a seguinte valoración conforme os criterios de valoración aprobados:

1º.- Número de asociados. 2º.- Ambito da entidade. 3º.- memoria de actividades 2003. 4º.- Antigüidade. 5º.- Programa anual 2004. 6º.- Financiamento externo. 7º.- outros

CRITERIOS		1	3	3	4	5	6	7	TOTAL
SOLICITANTE	local								
A. COMERC. Y HOSTELEROS VIGOVELLO	F	4	4	3	2	4	1	3,5	22,5
LEGAIS	D	2	4	4	2	4	1	3	20,0

Asemade, por acordo da Comisión de Goberno de data 01.12.03, revogouse o acordo de cesión de uso do local C á asociación Erva, CIF.- 36633196 por incumprimento da cláusula 12ªc - falta de pagamento da cota de coparticipación nos gastos de mantemento- e 12ª f. –falta de utilización do espacio de forma continuada-.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O art. 233 do ROF, prevé a posibilidade de que as asociacións a que se refire o art. 232 do mesmo texto legal, “poidan acceder o uso de medios públicos municipais, especialmente os locais..., sendo responsables do trato dado as instalacións”.

O pleno do Concello, en sesión do 27.05.02, aprobou as bases xerais que rexerán para o concurso da autorización do uso e goce de espazos de uso común e privativo no Centro de Servicios Comunitarios do Casco Vello.

En relación coa competencia para a cesión de uso gratuito dun ben municipal en precario, e conforme ó indicado na base quinta das Bases Xerais aprobadas polo Concello en Pleno, correspóndelle á Xunta de Goberno a autorización destes espazos.”...

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno de conformidade co precedente informe-proposta acorda:

1º Conceder ás entidades que de seguido se indican, a cesión en uso dun local municipal, xunto cos seus bens mobles, no “Viveiro de Asociacións” no Centro de Servicios Comunitarios do Barrio Histórico da cidade.”

NOME DA ASOCIACIÓN	CIF	ESPACIO CEDIDO	IMPORTE ANUAL
LEGAIS	<u>G-36.852.986</u>	Local D: 13,94 m2.	888 €
<u>Bens mobles:</u> <ul style="list-style-type: none"> • 1 ud. Mesa serie soft, 140 x 80 cm. con ala auxiliar e caixonera en melamina de faia. • 1 ud. Silla xiratoria con rodas mod. Intacor IV20 sen brazos, regulable. • 2 ud. Sillas modelo ponte, carcaxa de 11 mm. en melamina de faia. • 1 ud. Armario serie soft, 90x45x145, melamina de faia con estantes e portas baixas 			
A. COMERC. Y HOSTELEROS VIGOVELLO	G-36.909.232	Local F: 15,33 m2 + almacén de 2,83	1279 €
<u>Bens mobles:</u> <ul style="list-style-type: none"> • 1 ud. Mesa serie soft, 120 x 80 cm. con ala auxiliar e caixonera en melamina de faia. • 1 ud. Silla xiratoria con rodas mod. Intacor IV20 sen brazos, regulable. • 2 ud. Sillas modelo ponte, carcaxa de 11 mm. en melamina de faia. • 1 ud. Armario serie soft, 90x45x145, melamina de faia con estantes e portas baixas 			

2º.- Promovela concorrencia de solicitudes para a cesión de uso do local C, conforme o procedemento previsto nas cláusulas vixesimosegunda e vixesimoterceira das bases aprobadas polo Pleno do Concello de data 27.05.02.

8(359).- RECLAMACIÓN DE DANOS:

a) D. CLEMENTE LÓPEZ VILA. ESTIMADA POR RESOLUCIÓN DE REC. REPOSICIÓN. EXPTE. 13994/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de xestión do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 30.09.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia, do 27.11.03, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 10.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Estima-lo recurso de reposición formulado por D. Clemente López Vila, con data 20/06/2001, contra a resolución adoptada pola Alcaldía do Concello de Vigo con data 24/05/2001, notificada o día 31/05/2001, pola que se declara a inadmisibilidade da petición formulada por Dna. Elena María López

Comesaña (reclamación de danos sufridos no vehículo PO-0382-AY na Estrada de Moledo o día 19.03.01), procedendo o arquivo da mesma. Así mesmo, recoñecer a condición de parte interesada nese procedemento, de acordo co artigo 31 a Lei 30/1992 a D. Clemente López Vila, propietario do vehículo que sufriu os danos que deron orixe á reclamación de responsabilidade patrimonial contra este Concello.

2º.- Estima-la reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Clemente López Vila, procedendo a indemnizar ó reclamante na contía de 69,72 euros, polos gastos de reposición do neumático do vehículo da súa propiedade, que resultou danado, e que foron debidamente acreditados polo reclamante, de acordo co Dictame do Consello Consultivo de Galicia.

3º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

b) D^a ISABEL PEREIRA NIETO. ESTIMADA. EXPTE. 15104/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe de negociado do servizo de Patrimonio e Contratación, do 26.05.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D^a Isabel Pereira Nieto de danos ocasionados como consecuencia dunha caída o día 1.02.02 por estar rotas e afundidas as lousas da beirarrúa da rúa Lalín, o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia, do 14.07.03, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 10.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. ISABEL PEREIRA NIETO, procedendo a indemnizar a reclamante na cantidade de 1.121,34 euros, correspondente á metade da cantidade reclamada polos danos persoais, de acordo co Dictame do Consello Consultivo de Galicia.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

9(360).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A HPC IBÉRICA S.A. CONSTITUÍDA PARA RESPONDER POLA SUBMINISTRACIÓN DE XOGOS PARA PARQUES INFANTÍS. EXPTE. 87/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do enxeñeiro de Montes, do 1.03.04, o informe da interventora xeral do 8.03.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do servizo de Contratación, do 22.03.04, a Xunta de Goberno acorda:

Devolver a HPC Ibérica S.A. a fianza de 94,18 € constituída para responder da subministración de xogos para parques infantís xa que foron recibidos mediante acta de 21.10.02 conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por trascorrer-lo prazo de garantía.

10(361).- SOLICITUDE DE D^a M^a DE LOS ANGELES SALGADO PÉREZ DE DESAFECTACIÓN DUNHA FINCA SITA EN LAVADORES POR ESTAR AFECTADA POLO TRAZADO VIARIO PREVISTO NO PXOM. DESESTIMADA. EXPTE. 16670/240.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude realizada por D^a M^a de los Angeles Salgado Pérez de desafectación dunha finca na parroquia de Lavadores, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 4.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Vista a reclamación formulada por D^a M^a de los Angeles Salgado Pérez, e tralos trámites pertinentes, procede informar o seguinte:

PRIMEIRO.-Consonte ó disposto no art. 79.3 da Lei 7/85 de BRL son bens de dominio público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/97 da LALG e 3 do RD 1372/86 BEL, como bens de titularidade municipal de dominio público afectos a un uso público, os camiños, estradas, prazas, rúas, paseos, parques e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local. A finca obxecto de reclamación, según o informe técnico do Arquitecto de Patrimonio figura Inventario municipal como vía pública, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público ó que ven sendo destinado na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal da que forma parte, conectando o antigo camiño da Gandariña coa Avda. Alcalde Lavadores.

SEGUNDO.-Que así mesmo, atópase afectada polo trazado do sistema viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente, concorrendo o suposto de feito contemplado no acordo plenario de data 30.11.94, segundo o cal tódolos expedientes de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan xeral recolla como viario.

TERCEIRO.-Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto na Lei 7/85 RBRL.”

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Desestima-la solicitude formulada por D^a M^a de los Angeles Salgado Pérez, a finca denominada “Lugar de Piñeiro” sita en La Gandariña-Lavadores por estar afectada na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral vixente.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

11(362).- SOLICITUDE DE D. CLEMENTE GÓMEZ GONZÁLEZ E OUTROS DE DESCATALOGACIÓN DUN TRAMO INTERIOR DA RÚA JOSÉ ANTELA CONDE. DESESTIMADA. EXPTE. 15976/240.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude realizada por D. Clemente Gómez González e outros de descatalogación dun tramo interior da rúa José Antela Conde que enlaza coa rúa Cruz Branca, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 4.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Vista a reclamación formulada por D. Clemente Gómez González e outros, e tralos trámites pertinentes, procede informar o seguinte:

PRIMEIRO.-Consonte ó disposto no art. 79.3 da Lei 7/85 de BRL son bens de dominio público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/97 da LALG e 3 do RD 1372/86 BEL, como bens de titularidade municipal de dominio público afectos a un uso público, os camiños, estradas, prazas, rúas, paseos, parques e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local. De acordo con isto, o camiño obxecto de reclamación, dotado de servizos públicos figura no Inventario municipal de viais públicos aprobado por acordo plenario de data 04.05.93, como ben afecto ó uso público ó que ven sendo destinado na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal da que forma parte.

SEGUNDO.-Que así mesmo, resulta afectado na súa totalidade polo trazado do sistema viario do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, segundo informa o arquitecto municipal, concorrendo con isto o suposto feito contemplado no acordo plenario de data 30.11.94, segundo o cal tódolos expedientes de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan xeral recolla como viario.

TERCEIRO.-Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto na Lei 7/85 RBRL.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Desestima-la solicitude formulada por D.Clemente Gómez González e outros, o tramo interior da R/ José Antela Conde que enlaza coa R/ Cruz Blanca, por tratarse dunha vía pública de titularidade municipal e resultar afectada polas alineacións do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

12(363).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE PADRES DE ALUMNOS DO COLEXIO ROSALÍA DE CASTRO DE DESCATALOGACIÓN DO CÑO. LOUREIRO R-2-1. DESESTIMADA. EXPTE. 16694/240.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude realizada D. Angel Peteiro en representación da Asociación de Padres de Alumnos do Colexio Rosalía de Castro de descatalogación do cño. Loureiro R-2-1 como de titularidade municipal , dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 4.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Vista a reclamación formulada por D. Angel Peteiro, en representación da Asociación de Padres de Alumnos do Colexio Rosalia de Castro, e tralos trámites pertinentes, procede informar o seguinte:

PRIMEIRO.-Consonte ó disposto no art. 79.3 da Lei 7/85 de BRL son bens de dominio público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/97 da LALG e 3 do RD 1372/86 BEL, como bens de titularidade municipal de dominio público afectos a un uso público, os camiños, estradas, prazas, rúas, paseos, parques e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local. De acordo con isto, o camiño obxecto de reclamación, figura no Inventario municipal de viais públicos aprobado por acordo plenario de data 04.05.93, como ben afecto ó uso público ó que ven sendo destinado na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal da que forma parte.

SEGUNDO.-Que así mesmo, resulta afectado polo trazado do sistema viario do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, segundo informa o arquitecto municipal, concorrendo con isto o suposto feito contemplado no acordo plenario de data 30.11.94, segundo o cal tódolos expedientes de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan xeral recolla como viario.

TERCEIRO.-Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto na Lei 7/85 RBRL.”

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Desestima-la solicitude formulada por D. Angel Peteiro en representación de Padres de Alumnos do Colexio Rosalía de Castro ó camiño Loureiro R-2-1, por tratarse dunha vía pública de titularidade municipal e resultar afectada polas alineacións do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

13(364).- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL EN GRAFÍA EXISTENTE NO PLANO DE VIAIS DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS EN RELACIÓN CO CAMIÑO VELLO (LAVADORES). EXPTE. 15827/240.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude realizada por D. Adriano Anjos dos Freitas de certificación da titularidade de camiños colindantes coa súa parcela na Parroquia de Lavadores, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 4.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Polo arquitecto municipal de patrimonio emitíuse informe sobre o ramal do camiño vello que consta como público no Inventario Municipal de Bens e Dereitos aprobado por acordo Plenario de data 04/05/93, e polo que constata a existencia de un erro de grafía co que figura na planimetría do Inventario (folla 20-28), o figurar nas fichas de características unha lonxitude de 200 metros que non se reflexa graficamente nos seus 80 metros iniciais en dito plano.

Considerando que no presente caso atopámonos nun suposto de discordancia entre os datos que constan nas fichas de características técnicas referentes a dito camiño e a súa reflectación gráfica na planimetría que responde a un simple erro de rotulación, resúlta de aplicación o previsto no Art. 105.2 de Lei 30/92 de RXAP e PAC conforme as administracións públicas podrán rectificar en calquer momento de oficio o a instancia dos interesados os erros materiais de feito o aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a corrección material dun erro en grafía existente no plano (folla 20-28) da planimetría de viais do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, grafiando nos seus primeiros 80 metros o ramal do camiño Vello de acordo co informe técnico emitido.

2º.- Dar traslado do presente acordo o Pleno municipal na rectificación anual do Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

14(365).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EDICIÓN DE MATERIAL PROMOCIONAL DA CONCELLERÍA DE TURISMO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1403/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de prescricións técnicas asinado pola coordinadora de Turismo e Comercio, de 2.03.04, conformado pola concelleira delegada de dito Servicio, e o prego de cláusulas administrativas asinado polo xefe de negociado do servicio de Contracción, do 9.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, ámbolos dous para a contratación da edificación do material promocional da concellería de Turismo do Concello de Vigo; visto o informe xurídico do 16.03.04, e de acordo co informe-proposta do antedito xefe de negociado, conformado polo xefe de Réxime Interior a concelleira da Área de Promoción Económica, Desenvolvemento local, Turismo e Comercio e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto de 150.000 euros para edición do material promocional da Concellería de Turismo do concello de Vigo que se imputarán á partida 751.0.226.02.00 do presuposto de 2004.

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas e técnicas para a edición e material promocional da Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

3º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

15(366).- GRATIFICACIÓN POR DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES Ó MES DE FEBREIRO DE 2004. EXPTE. 14900/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 17.03.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan [por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de Cemiterios](#) e rematan [por dona Loreto Romero Gil-Delgado do Parque Museo “Quiñones de León”](#), os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 68.978'25 € (SESENTA E OITO MIL NOVECENTOS SETENTA E OITO EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de FEBREIRO de 2004.

16(367).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DA RECEPCIÓN Á MINISTRA DE SANIDADE. EXPTE. 14906/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 17.03.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da “Recepción á Ministra de Sanidade”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Julio Casal Piñeiro e rematan por don Carlos Pérez Vázquez, por unha cantidade total de 214,16 € (DOUSCENTOS CATORCE EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS).

17(368).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE FEBREIRO DE 2004. EXPTE. 14903/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 17.03.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servicios especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servicio Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de FEBREIRO-2004, e que ascenden a un total de 586'50 € (CINCOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON CINCOENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

18(369).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO 1º, 2º, 3º E 4º TRIMESTRE DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS POR CONDUCIR UN VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL SEN SER OFICIAIS. EXPTE. 14901/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 17.03.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados por don Don Daniel Domínguez Alonso, Don José Manuel Martínez González e Don José Luis Vázquez de Francisco, aboarásele as cantidades que figuran para cada un deles por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, e que ascende a un total de 1.386 € (MIL TRESCENTOS OITENTA E SEIS EUROS), correspondentes o 1º, 2º, 3º e 4º trimestre do ano 2003 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

19(370).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE Ó MES DE FEBREIRO DE 2004. EXPTE. 14902/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 17.03.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados como palista no Parque Móbil, según relación adxunta no expediente e que comenza por don

Antonio Amoedo García (nº persoal 22579) e remata por don José Luis Villarroel Vila e que ascenden a un total de 32'80 € (TRINTA E DOUS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS), correspondente o mes de FEBREIRO de 2004 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

20(371).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE FEBREIRO DE 2004. EXPTE. 14904/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 17.03.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de FEBREIRO-2004, e que ascenden a un total de 1.213'60 € (MIL DOUSCENTOS TRECE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS”.

21(372).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVICIO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE Ó MES DE FEBREIRO DE 2004. EXPTE. 14905/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 17.03.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de FEBREIRO-2004 e que ascenden a un total 561'80 € (CINCOCENTOS SESENTA E UN EUROS, CON OITENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

22(373).- BASES E DISTRIBUCIÓN DO PRESUPOSTO DO FONDO SOCIAL PARA O ANO 2004. EXPTE. 14814/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social adoptado en reunión do 3.02.04, o informe do técnico de Intervención Xeral, do 8.03.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 4.03.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aproba-la distribución do Fondo Social para o ano 2004, por un importe de 240.404 € (douscentos corenta mil catrocentos catro euros) nas axudas socio-sanitarias e axudas para estudos e 60.101 € (sesenta mil cento un euros) para axudas co obxecto de facer fronte a sucesos graves e extraordinarios que lle poidan ocorrer ó persoal do cadro ou a súa familia, acordadas pola Comisión do Fondo de Acción Social e que de seguido se transcribe.

2º.- De conformidade co previsto no art. 5 do Regulamento do Fondo Social, a Comisión deberá elaborar unha memoria anual sobre a execución do programa do ano pasado, que remitirá ó Presidente da Corporación e deberá darlle a debida publicidade entre o persoal.

1.- Axudas socio-sanitarias: 150.253,00 €

Destinadas a cubrir gastos de próteses, gafas, e todo tipo de necesidades médicas que non cubre a Seguridade Social, da unidade familiar.

Documentación:

- Impreso de solicitude do Fondo.
- Fotocopia compulsada da factura ou orixinais, (facturas que abranguen dende o 1 de xuño do 2003 ata o 31 de maio de 2004).
- Páxina 1 da declaración da renda ou libro de familia (parellas de feito, documentación acreditativa).

Prazo presentación solicitudes: Ata o 31 de maio 2004.

2.- Axudas estudos: 90.151,00 €

Destinadas a cubri-los gastos de garderías e estudos oficiais, tanto dos fillos/as solteiros/as como do propio traballador/a.

Documentación:

- Impreso de solicitude do Fondo Social.
- Matrícula do centro (só maiores de 16 anos).
- Páxina 1 da declaración da renda ou libro de familia.
- Matrícula gardería.

Prazo presentación solicitudes: Do 1 de setembro ata o 30 de novembro de 2004.

Para os que non poidan presentar xustificante ¿DE UNIVERSIDADE? no prazo establecido, abrírase un novo prazo no mes de xaneiro do ano seguinte.

3.- Axudas extraordinarias: 60.101 €

Destinadas a afrontar sucesos graves e extraordinarios debidamente xustificadas.

Prazo presentación solicitudes: Durante todo o ano.

Destinatarios: Persoal do Concello de Vigo.

Solicitudes: Recóllense e entréganse, xunto coa documentación, nos locais do Comité (5º andar).

No caso de traballar os dous cónxuxes no Concello só poderá solicitar un deles polo mesmo concepto (as parellas estables consideraranse parellas de feito).

As solicitudes denegadas serán notificadas ós interesados e terán un prazo de 30 días para reclamación.

A comisión, unha vez contabilizadas e valoradas o número de solicitudes presentadas, determinará a contía a outorgar por grupos (A,B,C,D,E).

Unha vez exposto o listado de axudas concedidas hai un prazo de 30 días para as reclamacións.

As cantidades non consumidas de calquera dos apartados acumularanse a outra. A Comisión poderá variar as partidas presupostadas en función das necesidades de cada apartado.

Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a, por estar Cuberta pola Mutua.

FINAL: Todo traballador/a que falsifique ou modifique a documentación orixinal non recibirá novas axudas do Fondo e polo período que estableza a Comisión.

23(374).- ENCOMENDA DE FUNCÍONS PROVISORIA A FAVOR DE D. AVELINO SAN LUIS COSTAS PARA SUBSTITUCIÓN DO XEFE DE CULTURA DURANTE OS PERÍODOS DE BAIXA LABORAL E AUSENCIAS DESTE ÚLTIMO. EXPTE. 14964/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de resolución que somete á Xunta de Goberno local o concelleiro delegado de Cultura para substitución de funcións do xefe de Cultura durante os períodos de baixa e ausencia laboral deste, que di o seguinte:

Considerando as necesidades existentes nos distintos servicios, e co obxecto de garanti-lo debido funcionamento do departamento de cultura, resulta preciso atribuirle temporalmente as funcións de informe e proposta de resolución dos expedientes administrativos desa unidade a algún técnico municipal durante o tempo que permaneza en situación de baixa laboral o Sr. Xefe do servicio de Cultura.

A recente baixa laboral deste funcionario, cunha duración superior a dúas semás, pon de relieve as dificultades do servizo de cultura para mante-la continuidade das funcións técnicas superiores de informe e proposta de resolución durante as ausencias do Sr. Xefe de servizo, polo que resulta preciso artellar unha encomenda de funcións que permita desenvolver mínimamente estes cometidos esenciais para estes supostos excepcionais.

Considerando en consecuencia as facultades atribuídas en materia de xestión de persoal á Xunta de Goberno local no Artigo 127.1 da lei Reguladora de Bases de réxime local, na súa redacción conferida pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, fórmulase a seguinte proposta de acordo :

Primeiro e único :

Encomendarlle temporalmente ó técnico de administración xeral, D. Avelino San Luis Costas, adscrito ó posto de Xefe de relacións públicas, as funcións de informe e proposta de resolución dos expedientes de gasto que sexan de preceptiva tramitación polo departamento de cultura, en tanto en canto se atope de baixa laboral por enfermidade o Xefe do referido servizo, Sr. D. Ignacio Oliveira López, así como durante os períodos de vacacións e licencias que legalmente lle correspondan a este último, funcións que desenvolverá acumulativamente coas propias do seu posto de traballo.

A presente encomenda de funcións cesará automaticamente tan pronto se produza a reincorporación do Sr. Xefe do departamento, e dará lugar ó aboamento das productividades que prevean as vixentes instrucións de plantilla, previa acreditación das condicións de devengo establecidas nas mesmas.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a precedente proposta.

24(375).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A PROMOCIÓN DA CONCELLERÍA DE TURISMO MEDIANTE A RUTA POR 13 CIDADES DE ESPAÑA E PORTUGAL CON BUS PROMOCIONAL. EXPTE.1408/104.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 8.03.04, que di o seguinte:

A Concellería de Turismo do Concello de Vigo, ó igual que en anos anteriores e dentro das súas tarefas de promoción da cidade, ten previsto por en marcha unha oficina de turismo itinerante que percorrerá 13 cidades españolas e 4 portuguesas.

A Concellería de Turismo ten previsto no seu plan de actuacións para o ano 2004 a promoción de Vigo en 4 cidades de Portugal e 13 de España, xa que segundo os datos que arrojan as oficinas de información turística municipal a meirande parte de turistas que nos visitan proceden de Castilla León, Asturias e outras comunidades que se atopan á máis ou menos catro horas de viaxe de Vigo.

Asemade, segundo as estatísticas que se desprenden dos distintos puntos de información turística municipal a maior parte dos turistas estranxeiros son portugueses, seguidos polos arxentinos, franceses e ingleses.

Por este motivo, a Concellería de Turismo porá en circulación dita oficina de turismo itinerante, cun bus promocional de dúas plantas, para que percorra as cidades que a continuación se citan:

- 1.- Santiago
- 2.- A Coruña
- 3.- León
- 4.- Oviedo
- 5.- Gijón
- 6.- Santander
- 7.- Burgos
- 8.- Valladolid
- 9.- Segovia
- 10.- Ávila
- 11.- Salamanca
- 12.- Cáceres
- 13.- Badajoz
- 14.- Setúbal
- 15.- Lisboa
- 16.- Oporto
- 17.- Braga

Está previsto que a oficina de turismo itinerante permaneza un día en cada unha destas cidades, ubicada nas súas principais prazas e zonas peonís de maior tránsito de persoas. Durante todo o día, os informadores turísticos da Concellería de Turismo ofrecerán toda a información sobre os recursos turísticos da cidade xa sexan culturais (museos, monumentos...), naturais (parques forestais, praias...), paisaxísticos, etc

Que esta proposta se leve a cabo supón unha serie de gastos que se datallan a continuación.

<i>RELACIÓN DE GASTOS DO BUS PROMOCIONAL POLO NORTE DE ESPAÑA E PORTUGAL</i>	
<i>Aluguer, rotulación e dietas do conductor dun autobús de dous pisos para a promoción de Vigo por 13 cidades de España e 4 de Portugal, con cargo á partida 7510 22 60 600 (reunións e conferencias)</i>	<i>15.000 €</i>
<i>Dúas azafatas durante 20 días para a atención de dito autobús, con cargo á partida 7510 22 60 600 (reunións e conferencias)</i>	<i>8.500 euros</i>
<i>Gastos diversos (pago taxas ocupación vía pública), con cargo á partida 7510 22 60 600 (reunións e conferencias)</i>	<i>2.800 euros</i>

Por todo o antedito proponse á Xunta de Goberno Local, que, previo informe preceptivo de fiscalización da Intervención Xeral, se adopte o seguinte acordo:..”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O informe está conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio e pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º Autoriza-la asistencia da Concellería de Turismo á Ruta por 13 cidades de España e 4 de Portugal cun bus promocional de dúas plantas tal e como se especifica na parte expositiva deste informe.

2º Autorizar a seguinte relación de gastos con cargo ó presuposto prorrogado para o ano 2004 que se derivan da participación de Vigo na ruta:

Total reunións e conferencias, con cargo á partida 7510 22 60 600 (reunions e conferencias) do presuposto prorrogado para o ano 2004	26.300 euros
--	--------------

3º Que os gastos de locomoción e dietas devengados da participación nos devanditos eventos, non quedarán suxeitos ó previsto no Real Decreto 236/88 e que serán sufragados na súa totalidade con cargo ós presupostos municipais, previa acreditación dos mesmos.

4º Que en consecuencia, se libre a xustificar a nome de Dna. Yolanda Aguiar Castro, con DNI nº 36076445-W a cantidade de 26.300 euros, que deberán ser ingresados na conta habilitada do Departamento de Turismo nº 2080 0000780040246105”

25(376).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA TRABAJOS AÉREOS TEMPUS AIR S.L. PARA A PRESENTACIÓN DO SERVICIO DE VÓS TURÍSTICOS SOBRE A CIDADE. EXPTE. 1410/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 11.03.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo (Concellería de Turismo e Comercio) e a empresa “TRABAJOS AÉREOS TEMPUS AIR, SL.”

para a posta en funcionamento dun servicio de vós panorámicos sobre a cidade de Vigo, que será promocionado no Plan Promocional da Concellería para o ano 2004.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA “TRABAJOS AEREOS TEMPUS AIR S.L.” PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO DE VÓS TURÍSTICOS SOBRE A RÍA DE VIGO.

En Vigo a _____, de marzo de 2004,

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Lucía Molares Pérez, Concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Turismo e Comercio, facultada por Decreto de delegación de competencias da Alcaldía-Presidencia de data 17 de decembro de 2003, para a sinatura do presente convenio, en nome e representación do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra, D. Javier Lorenzo Martínez, Director Xerente da empresa “Trabajos Aéreos Tempus Air, SL.”, con CIF: B-96320064.

Ambas partes recoñecen na representación que ostentan capacidade para formalizar o presente convenio e a tal efecto,

MANIFESTAN

Que o Concello de vigo, en virtude das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril, ven executando unha serie de proxectos para a mellora do destino turístico e a promoción dos diferentes produtos turísticos que oferta a cidade.

Que a Concellería de Turismo e Comercio entende que a mellora do destino está en relación directa coa diversificación e aumento dos servicios turísticos que se ofertan, a súa adaptación á demanda e a posta en valor dos recursos turísticos.

Que o empresario entende que a mellora da calidade turística pasa por un continuo esforzo de colaboración entre as entidades públicas e privadas, para conquistar a mellora e modernización dos servicios turísticos.

As partes consideran que a mellora da competitividade turística de Vigo e a súa sostenibilidade vai inexcusablemente unida á coordinación das actuaciónes e á realización conxunta de proxectos, co obxecto obxecto de promocionar a cidade como destino turístico de calidade.

Que a Concellería de Turismo e Comercio contempla nos obxectivos do seu Plan de Promoción Turística para o ano 2004 a promoción da Ría de Vigo, como un dos principais recursos turísticos.

Con este tipo de convenios, Turismo de Vigo pretende fomentar a participación e implicación do sector privado no fenómeno turístico, estimulando a mellora dos servicios turísticos e a ampliación da oferta complementaria.

Que a empresa “Trabajos Aéreos Tempus Air, SL.”, está interesada en colaborar nas accións promocionais da cidade e da súa Ría, que se levarán a cabo durante o ano 2004.

Por todo isto, a Concellería de Turismo e Comercio e a mencionada empresa establecen o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes

CLÁSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación da empresa “TRABAJOS AÉREOS TEMPUS AIR, SL.” e a Concellería de Turismo e Comercio para a colaboración da primeira nas actividades de promoción da cidade que levará a cabo Turismo de Vigo ó longo do ano 2004.

SEGUNDA.- A citada empresa participará nas accións promocionais da Ría de Vigo, que consistirán neste caso na organización de vós panorámicos en avioneta sobre a Ría de Vigo e a cidade.

Esta actividade de vós turísticos será levada a cabo pola citada empresa durante todo o ano, baixo o seu risco e ventura, establecendo para o desenvolvemento desta actividade un prezo promocional do servicio, rebaixado sobre o prezo habitual desta iniciativa.

TERCEIRA.- A empresa “TRABAJOS AÉREOS TEMPUS AIR, SL.”, ofrece á Concellería de Turismo e Comercio a realización de vós turísticos sobre a cidade a un prezo promocional de desconto de 135€ (IVE incluído) para tres persoas máximo por unha hora de duración do vó panorámico.

CUARTA.- O servicio de vós turísticos será realizado durante todo o ano, dende a saída do sol e ata o ocaso, sempre previa reserva anticipada (mínimo dous días de antelación), con saídas dende o aeroporto de Vigo.

Por razóns de mantemento das aeronaves que prestarán este servicio ou por razóns climatolóxicas, este calendario poderá ser alterado. En calquera caso, a empresa “TRABAJOS AÉREOS TEMPUS AIR, SL.” se compromete a garantir un mínimo de cumprimento da programación dun 75%.

Para a confirmación dos vós, a compañía porá a disposición do usuario un teléfono de reservas, que proporcionará información do servicio turístico en horario de 09h. a 21h. en verán e de 09h. a 19h. en inverno.

QUINTA.- Os vós turísticos saíran dende o aeroporto de Vigo, se ben a empresa prestaría do servicio porá a disposición dos interesados un servicio de recollida no centro da cidade con vehículo propio da empresa, por un custo adicional de 30€ (ida e volta) para a persona ou grupo de usuarios.

SEXTA.- A Concellería comprométese a proporcionar información específica deste servicio turístico ós turistas e visitantes que se acheguen á cidade.

SÉTIMA.- A Concellería de Turismo e Comercio comprométese, así mesmo, á difusión desta información en todas as oficinas de información turística, así como nos hotéis, restaurantes, axencias receptoras, puntos de chegada de viaxeiros, etc.

OCTAVA.- Todo o referente á organización dos vós panorámicos será responsabilidade exclusiva da empresa prestataria do servicio, polo que non existirá ningunha clase de relación contractual entre a empresa “TRABAJOS AÉREOS AIR TEMPUS, SL.” e o Concello de Vigo.

Polo antedito, o Concello de Vigo non admitirá nin resolverá ningunha clase de queixa, denuncia ou reclamación relativa ou derivada da prestación deste servicio.

Asimesmo, sen perxuízo da autorización que conceda a Xunta de Goberno Local, a empresa deberá contar con todos os permisos legais –tanto de carácter gubernamental como doutro tipo- para a prestación deste tipo de servizos.

Por outra parte, a empresa deberá aportar certificación da póliza en vigor de responsabilidade civil que lle dea cobertura ás aeronaves que prestarán o servizo, por un importe de responsabilidade a terceiros de 1.500.000€ e cobertura por cada pasaxeiro/a.

NOVENA.- Dado que o servizo se incluírá nas actividades do Plan de Promoción Turística do ano 2004 da Concellería de Turismo e Comercio e conleva, necesariamente, una implicación da imaxe da cidade, a empresa “TRABAJOS AÉREOS TEMPUS AIR, SL.”, terá que poñer a disposición dos pasaxeiros unha persoa de atención ó turista, que facilitará información sobre o servizo e sobre a cidade, e que deberá solventar tantas continxencias que se puidesen derivar da prestación do servizo.

DÉCIMA.- A Concellería de Turismo comprométese a incluír o logotipo da empresa no folleto específico que se edita para promocionar este servizo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O desenvolvemento e aplicación do presente convenio non suporá ningún gasto para as arcas municipais.

DÉCIMO SEGUNDA.- A Concellería de Turismo e Comercio queda facultada para solucionar as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO TERCEIRA.- O presente convenio terá vixencia durante todo o ano 2004, se ben poderá ser prorrogado por vontade das partes por un ano máis. En todo caso, o incumprimento de calquera das cláusulas contidas no presente convenio suporá a inmediata denuncia do convenio de colaboración.

O Concello e a empresa non asumen ningún outro compromiso máis que os recollidos no presente convenio.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio no lugar e data indicados.

26(377).- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DO CONCELLO DE VIGO NAS XUNTAS DE COMPENSACIÓN.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta da proposta da Excm. Alcaldesa, do 11.03.04, sobre nomeamento de representante municipal nas xuntas de compensación, que di o seguinte:

O artigo 155.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), en concordancia co artigo 162.3 do R.D. 3288/1970, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística, advirten que cando as actuacións urbanísticas se desenvolvan polo sistema de

compensación, formará parte, en todo caso, do órgano rector da Xunta de Compensación un representante do municipio.

Ó obxecto de manter unha visión unitaria da defensa dos intereses municipais e do impulso e seguimento da organización e funcionamento destas entidades urbanísticas colaboradoras, e co fin de evita-la adopción de acordos repetitivos no mesmo senso, resulta conveniente que a representación municipal citada recaia sempre nunha mesma persoa, por todo elo, esta Presidencia propón á Xunta do Goberno Local, órgano competente para a aprobación definitiva das Bases e Estatutos de tales entes, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Designar representante do Concello nos órganos rectores das Xuntas de Compensación que se constitúan para o desenvolvemento da xestión urbanística dos polígonos de execución, ó vicepresidente do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, D.José Manuel Figueroa Vila, que tamén a ostentará respecto dos terreos de titularidade municipal que poidan existir no ámbito territorial a desenvolver.

2º.- Procédase á publicación do presente acordo no BOP con indicación dos recursos que contra o mesmo procedan.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a precedente proposta.

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á REUNNIÓN O CONCELLEIRO SR. COUTO PÉREZ

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

27(378).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO PARA O FOMENTO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO. EXPTE. 49/322.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Oficina municipal de Voluntariado, do 26.03.04, que di o seguinte:

A Oficina Municipal de Voluntariado ven contando con financiación da Consellería de Xuventude, Familia, Deporte e Voluntariado a través da Dirección Xeral de Voluntariado. No ano 2003 a OMV recibiu financiación por importe de 24.500 € vía convenio de colaboración coa devandita Consellería para o desenvolvemento de accións integradas no programa municipal de voluntariado.

En data 26 de febreiro deste ano publícase no DOGA orde do 13 de febreiro de 2004 pola que se regulan as bases que rixen as subvencións dirixidas ós concellos para o fomento e realización de actividades desenvolvidas

nos ámbitos de actuación definidos no Plan galego de voluntariado en na Lei 3/2000, de 22 de decembro do voluntariado de Galicia. (Achegase convocatoria ao presente expediente).

O Concello de Vigo a través da OMV opta á devandita subvención para posibilitar a posta en marcha, execución ou potenciación das accións integradas no programa municipal de voluntariado, integrado polos proxectos/programas que se relacionan a continuación, tendo como prazo límite, segundo as bases establecidas, 40 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no referenciado DOGA.

Programa Municipal de Voluntariado (descricións das accións en documento anexo)

- *Potenciación da Oficina Municipal de Voluntariado.*
- *Voluntariado en Hospitais, Centros da Terceira Idade, Institucións Penitenciarias e Centros de Menores.*
- *Estatísticas, estudos e Investigación sobre o voluntariado.*
- *Voluntarios para apoio na realización de actividades en Onl,s.*
- *Formación de Voluntarios/as.*
- *Voluntarios/ as en Acompañamento.*
- *Campaña de Sensibilización do Voluntariado.*
- *Voluntariado Medioambiental: Recuperación das dunas das Praias de Argazada e Fontaiña.*
- *Voluntarios/as no Vigozoo.*
- *Campaña Informativa do voluntariado a través dun Portal Interactivo en Internet.*
- *Voluntarios/as para o Desenvolvemento Sociocomunitario das Asociacións.*
- *“O Sair de Clase”.*
- *“Educar na Solidariedade”.*
- *“A Cidade dende os Ollos do Pasado”.*

Atendendo ao exposto, solicítase a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Autorización para a presentación dos proxectos/programas que integran o Programa Municipal de Voluntariado co fin de optar á subvención, segundo a convocatoria publicada no DOGA, dirixidas ós Concellos para o fomento e realización de actividades de voluntariado.

Acordo

A Xunta de Goberno de conformidade co precedente informe-proposta acorda:

Autorizar a presentación dos proxectos/programas que integran o Programa Municipal de Voluntariado co fin de optar á subvención, segundo a convocatoria publicada no DOGA, dirixidas ós Concellos para o fomento e realización de actividades de voluntariado

28(379).- SOLICITUDE DE AXUDA Á FUNDACION PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN ESTUDIO EPIDEMIOLÓXICO SOBRE DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓN. Expte. 10768/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico do Departamento de Benestar Social, do 25.03.04, conformada polo concelleiro-delegado de Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, a traveso da Concellería de Benestar Social, e un destacado grupo de entidades que traballan no ámbito da saúde e as drogodependencias e adiccións, deron comezo, hai algúns anos, ó proxecto de Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións.

Despois de diversas accións e actividades, o Plan foi aprobado en Pleno en xullo de 2002, tras de ser presentado conxuntamente por tódalas entidades que levaban traballando nel dende había algúns anos.

No documento aprobado para o período 2002-2004, dentro dos obxectivos comúns a acadar por parte das entidades que compoñen o Plan, acordouse a necesidade de que se promovera un Estudio Epidemiolóxico sobre Drogodependencias e outras Adiccións nos xoves de 14 a 21 anos no ámbito de Vigo, que permitira defini-la incidencia do consumo de drogas na poboación xuvenil.

No ano 2003 foron solicitadas varias propostas de estudio, cara a tentar desenvolve-los mesmos, sempre e cando se dispuxera de financiamento para os mesmos.

Neste momento, coñecendo da convocatoria da Fundación Pedro Barrié de la Maza no canto a axudas a iniciativas sociais, estimase apropiado solicitar da mesma financiamento para o desenvolvemento do citado estudio. De ser concedida a axuda para o desenvolvemento deste, sería necesario que o Concello de Vigo acordara tamén dispor da cantidade que cubrira o resto do importe do Estudio, de non ser suficiente a cantidade aportada pola Fundación Barrié.

A solicitude da axuda á Fundación Pedro Barrié de la Maza, faina o Concello de Vigo, como representación do Plan e atendendo á función expresa aprobada de contribuir á busca de recursos para o mesmo.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo :

- *Aprobe presentar solicitude de axuda á Fundación Pedro Barrié de la Maza para o desenvolvemento do Estudio Epidemiolóxico sobre Drogodependencias e outras Adiccións nos xoves de 14 a 21 anos do municipio de Vigo, en representación do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións de Vigo, que este Concello ten promovido conxuntamente con diversas entidades da cidade.*

Acordo

A Xunta de Goberno visto o precedente informe-proposta acorda:

Aproba-la presentación de solicitude de axuda á Fundación Pedro Barrié de la Maza para o desenvolvemento do Estudio Epidemiolóxico sobre Drogodependencias e outras Adiccións nos xoves de 14 a 21 anos do municipio de Vigo, en representación do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións de Vigo, que este Concello ten promovido conxuntamente con diversas entidades da cidade.

29(380).- SOLICITUDE Á UTE CONTENUR-OTTO PARA QUE DEMORE A ADQUISICIÓN DE TERREO E CONSTRUCCIÓN DE NAVE QUE DEBEN LEVAR A CABO EN CUMPRIMENTO DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVICIO DE INSTALACIÓN, MANTEMENTO E REPOSICIÓN DE COLECTORES E PAPELEIRAS.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do xefe do Servicio de Limpeza, do 24.03.04, que di o seguinte:

No Prego de Prescricións Técnicas que serviu de base ó Concurso de Adjudicación do Servicio de Instalación, Mantemento e Reposición de Colectores e papeleiras, na Parte III, Capítulo VI (Instalacións Fixas) especificábase o seguinte:

- *“As novas instalacións deberán entrar en funcionamento no prazo ofertado polo adjudicatario que nunca deberá exceder de 18 meses”.*

No Capítulo 8º do Contrato que o adjudicatario a UTE CONTENUR-OTTO asinou con este Concello, comprometeuse á posta en funcionamento das novas instalacións no prazo de 18 meses a partir da sinatura do referido contrato efectuada o 30 de setembro do 2002, polo que dito prazo remata o 31 de marzo do 2004.

No estudio económico que presenta a UTE CONTENUR-OTTO, figura unha partida de 1.314.159,00 € destinada á adquisición de terreos e construción da correspondente nave.

Na Nota Informativa que a Xerencia Municipal de Urbanismo me envía a través da Intervención Xeral di literalmente o seguinte:

O Plan Xeral de Ordenación Municipal, en redacción, prevé un sector de Solo Urbanizable a desenvolver a través dun Plan Parcial, destinado a usos industriais e de servizos públicos dunha superficie aproximada de 1,4 millóns de m entre as parroquias de Matamá e Valadares.

O desenvolvemento deste polígono industrial está previsto facelo por expropiación mediante un convenio entre o Concello e Zona Franca que xa está incluído no PXOM.

Neste Solo industrial está previsto facer una reserva de aproximadamente 200.000 m para servizos públicos ó obxecto de centralizar nel os servizos municipais e metropolitanos que neste momento están dispersos polo Termo Municipal (bombeiros, parque móbil, talleres, concesionarios de servizos urbanos, etc..).

A súa localización ó pe do segundo cinto de circunvalación garante unha inmejorable accesibilidade a calquera punto da cidade e da área de influencia.

A previsión é iniciar a expropiación dos terreos en canto se aprobe o PXOM, e o prazo para a execución da urbanización prevese que poida ser de 2-3 anos dende a aprobación do PXOM.

Achégoche a ficha de características urbanísticas do sector e copia do convenio asinado con Zona Franca para o seu desenvolvemento.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que se solicite do concesionario (UTE CONTENUR-OTTO) que se demore a adquisición do terreo e a construción da nave que ten que aportar ata que esta operación se poida efectuar en terreos a adquirir no Polígono Industrial ó que se fai referencia na nota informativa da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Como o cambio afectará á composición do CANON, porque aumenta os gastos de alugamento e diminúen os financeiros sen que se poida determinar a contía destes, o axuste do mesmo deberase facer cando se realice a operación da compra dos terreos e o concesionario deberá continuar en réxime de alugamento nas súas actuais instalacións e en caso de cambio de emprazamento deberá solicitalo a este servizo para que informe sobre a conformidade do mesmo.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

Solicitar do concesionario (UTE CONTENUR-OTTO) que se demore a adquisición do terreo e a construción da nave que ten que aportar ata que esta operación se poida efectuar en terreos a adquirir no Polígono Industrial ó que se fai referencia na nota informativa da Xerencia Municipal de Urbanismo, tal e como se recolle no informe precedente.

30(381).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA “NOITES VIVAS”. EXPTE. 1031/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.03.04 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 17.02.04, conformado pola concelleira delegada de dito servizo e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aproba-la sinatura do convenio de colaboración que de seguido se transcribe entre a Asociación Veciñal Camiño Vello e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do programa Noites Vivas, na sede de dita asociación, ata o mes de maio do presente ano.

2º.- Aproba-lo gasto de 2000 € correspondente ó importe deste convenio para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.07.

3º.- Que se libre a cantidade de 1000 € á Asociación Veciñal Camiño Vello, correspondentes ó 50% do importe total do convenio á sinatura do mesmo e 1000 € correspondente ó 50% restante ó remate do mesmo previa certificación de que as actividades obxecto do mesmo foron realizadas.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA “NOITES VIVAS”.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2004

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Corina Porro Martinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dn. Ventura Pérez Vila D.N.I. 36.026.719 como presidente da Asociación Veciñal Camiño Vello, C.I.F G-.36648186 .

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

O Concello de Vigo a través da concellería de Xuventude está a desenvolver o programa denominado Noites Vivas, alternativo ó consumo de ocio habitual centrado en bares e discotecas.

A posta en marcha de forma experimental durante o ano 1.999, cunha oferta de actividades novedosas, afianzou a posibilidade de apertura de centros públicos, como os pavillóns deportivos, durante determinadas horas da noite e madrugada.

Coa posta en marcha deste proxecto non se pretende modifica-los hábitos dos xoves, sinon buscar alternativas e novas opcións ó ocio, para alonxarse do aburrimiento e rutina, propoñendo para elo actividades culturais, recreativas e de ocio en centros alternativos.

Seguindo os pasos de cidades como Gijón, pioneiras na implantación de programas deste tipo, consideramos necesario a colaboración do tecido asociativo en determinadas zonas da cidade como poden ser: Teis, Casco Vello, Coia, zona Centro e zona situada nas inmediacións da Casa da Xuventude.

Así e no caso concreto da zona de Coia que se corresponde coa zona de influencia da Asociación Veciñal Camiño Vello, é esta asociación , a entidade coa que cotamos para colaborar no programa Noites Vivas.

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO no barrio, consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora en parte do desenvolvemento deste programa.

A.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa Noites Vivas, ata o mes de maio do 2004.

B.- Que a ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO, reconece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera a citada asociación como entidade óptima para a súa colaboración na execución do Programa Municipal Noites Vivas, desenvolvendo actividades baixo a dirección e criterios da Concellería de Xuventude.

C.- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude da zona de influencia e dita asociación.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa “Noites Vivas” na zona de influencia da ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO que se incorpora a este convenio como ANEXO I.

2.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 2000 € ,á ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO ,con cargo á partida 4520.227.06.07, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800132190040014400 EN DOUS PRAZOS: 50% á sinatura do presente convenio e 50% restante á finalización da actividade, previa certificación do cumprimento da mesma.

3.-A ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO, deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación tanto dos participantes como do persoal que realizou as actividades, e a memoria económica da actividade .

O persoal técnico da Concellería de Xuventude xunto coa Asociación Xuvenil Abertal serán os encargados do seguimento da execución do convenio , sendo a Concellería de Xuventude a que certifique o seu cumprimento.

4.- A Asociación ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO, asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

b.- Presentar no Concello os informes e documentación exisida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .

c.- Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.

d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

e.- Aboar-las taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .

f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectua-lo Concello.

5.- A asociación comprométense ó coidado e mantemento das instalacións, deixándolas no seu estado orixinal, sendo súa a responsabilidade derivada do mal uso das mesmas.

6.- A Asociación participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

8.- O presente convenio terá unha duración ata o 31 de maio do 2004.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

31(382).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA “NOITES VIVAS”. EXPTE. 1032/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.03.04 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servicio de Xuventude, do 17.02.04, conformado pola concelleira delegada de dito servicio e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aproba-la sinatura do convenio de colaboración que de seguido se transcribe entre a Asociación Veciñal Dr. Fleming e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do programa Noites Vivas, na sede de dita asociación, ata o mes de maio do presente ano.

2º.- Aproba-lo gasto de 2000 € correspondente ó importe deste convenio para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.07.

3º.- Que se libre a cantidade de 1000 € á Asociación Veciñal Dr. Fleming, correspondentes ó 50% do importe total do convenio á sinatura do mesmo e 1000 € correspondente ó 50% restante ó remate do mesmo previa certificación de que as actividades obxecto do mesmo foron realizadas.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA “NOITES VIVAS”.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2004

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Corina Porro Masrtinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dn.Fernando Domínguez Caride con D.N.I. 35.929.212 como presidente da ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, C.I.F G-.G-36.663.618

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

O Concello de Vigo a través da concellería de Xuventude está a desenvolver o programa denominado Noites Vivas, alternativo ó consumo de ocio habitual centrado en bares e discotecas.

A posta en marcha de forma experimental durante o ano 1.999, cunha oferta de actividades novedosas, afianzou a posibilidade de apertura de centros públicos, como os pavillóns deportivos, durante determinadas horas da noite e madrugada.

Coa posta en marcha deste proxecto non se pretende modifica-los hábitos dos xoves, sinon buscar alternativas e novas opcións ó ocio, para alonxarse do aburrimiento e rutina, propoñendo para elo actividades culturais, recreativas e de ocio en centros alternativos.

Seguindo os pasos de cidades como Gijón, pioneiras na implantación de programas deste tipo, consideramos necesario a colaboración do tecido asociativo en determinadas zonas da cidade como poden ser: Teis, Casco Vello, Coia, zona Centro e zona situada nas inmediacións da Casa da Xuventude.

Así e no caso concreto da zona situada nas inmediacións da Casa da Xuventude que se corresponde coa zona de influencia da Asociación Veciñal Dr. Fleming , é esta asociación , a entidade coa que cotamos para colaborar no programa Noites Vivas.

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN VECIÑAL Dr. FLEMING no barrio, consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora en parte do desenvolvemento deste programa.

A.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa Noites Vivas, ata o mes de maio do 2004.

B.- Que a ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, recoñece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera a citada asociación como entidade óptima para a súa colaboración na execución do Programa Municipal Noites Vivas, desenvolvendo actividades baixo a dirección e criterios da Concellería de Xuventude.

C.- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude da zona de influencia e dita asociación.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa “Noites Vivas” na zona de influencia da Asociación Veciñal Dr. Fleming que se incorpora a este convenio como ANEXO I

2.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 2000 € ,á ASOCIACIÓN DR. FLEMING ,con cargo á partida 4520.227.06.07, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800132190040014400 EN DOUS PRAZOS: 50% á sinatura do presente convenio e 50% restante á finalización da actividade, previa certificación do cumprimento da mesma.

3.- A ASOCIACIÓN DR. FLEMING , deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación tanto dos participantes como do persoal que realizou as actividades, e a memoria económica da actividade .

O persoal técnico da Concellería de Xuventude xunto coa Asociación Dr. Fleming serán os encargados do seguimento da execución do convenio , sendo a Concellería de Xuventude a que certifique o seu cumprimento.

4.- A Asociación ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

b.- Presentar no Concello os informes e documentación existida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .

c.- Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.

d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

e.- Aboar-las taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .

f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectua-lo Concello.

5.- A asociación comprométense ó coidado e mantemento das instalacións, deixándolas no seu estado orixinal, sendo súa a responsabilidade derivada do mal uso das mesmas.

6.- A Asociación participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

8.- O presente convenio terá unha duración ata o 31 de maio do 2004.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

ANEXO I

As actividades a desenvolver dentro da programación de Noites Vivas na Asociación Veciñal Dr Fleming son as seguintes:

- Globoflexia
- Acceso a internet

- Torneo xogos en rede
- Sala multiusos: xogos de mesa, TV e video, tetería e infusións, dardos electrónicos
- Obradorio: pulseiras de fío
- Obradorio: Ioga
- Obradorio: coiro
- Taichi baixo as estrelas
- Pendentes
- Trenzadas africanas
- tatuaxe henna

Todas estas actividades serán desenvolvidas en horario de 23:00 a 1:00 os sábados, tempo que deberán permanecer abertas ó público as instalacións da asociación, co obxecto de recibir ó público que desexe participar nas actividades programadas.

32(383).- CONSTITUCIÓN DE COMISIÓN DE ESTUDIO PARA A MODIFICACIÓN DO CONVENIO ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E O R.C. CELTA DE VIGO S.A.D. EXPTE. 4327/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do director deportivo do IMD, do 22.03.04, que di o seguinte:

Con data 16 de febreiro de 2004, o xefe da area de Réxime Interior achega a este servizo expediente sobre a modificación do convenio entre o Concello de Vigo e o R.C.Celta de Vigo S.A.D.

O convenio entre o Concello de Vigo e o R.C.Celta de Vigo S.A.D. xa tivo unha modificación que foi aprobada por acordo plenario o día 28 de maio de 1992, posteriormente, no ano 1998 se acordou iniciar expediente para levar adiante unha serie de modificacións do convenio, modificacións que non se levaron a cabo.

Con data 11 de novembro de 2003 se volve a facer proposta nos mesmos termos que a do ano 1998.

Cómpre subliñar que o convenio vixente define as relacións entre o Excmo. Concello de Vigo e o R.C.Celta de Vigo S.A.D., e que estas relacións se basan nunha realidade que variou sensiblemente nestes últimos anos, sobre todo tendo en conta que a estrutura do fútbol profesional cambiou dende todos os puntos de vista, incluíndo o legal. Asemade dende a última proposta de modificación do convenio (11 de novembro de 2003) se produciu unha serie de situacións novas como son:

.- As conclusións da auditoría realizada por GOC sobre o estadio de Balaidos, que propón realizar unha serie de obras no estadio e que ademais é imprescindible a súa contratación de forma urxente.

.- A reclamación o 1 de marzo de 2004, por parte do R.C.Celta de Vigo S.A.D. da cantidade de 619.586€

E tamén está a situación do estadio municipal de Balaídos, no que é urxente realizar as obras previstas na auditoría realizada por GOC, actuacións que son prioritarias dado que poden afectar á seguridade do estadio.

Polo tanto, e tendo en conta que nos atopamos ante unha nova realidade é polo que se podería ter en conta estes novos extremos.

Na mesta data a Concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, visto o expediente correspondente a modificación do convenio Excmo. Concello de Vigo, R.C.Celta de Vigo S.A.D., formula a proposta que se contén na parte dispostiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa antedita proposta, acorda constituír unha comisión de estudio para a modificación do convenio entre o Excmo. Concello de Vigo e o R.C. Celta de Vigo S.A.D. así como para a análise do estadio de fútbol, e outros asuntos pendentes coa dita entidade, composta polos seguinte membros:

- Secretario Xeral
- Un representante de cada partido político da Corporación.
- A Concelleira da area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.
- O Concelleiro da area de Urbanismo e Medio Ambiente.

33(384).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVICIO E APOIO ÁS INICIATIVAS MUSICAIS DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. EXPTE. 972/336/03.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión de 26.01.04 aprobou o expediente para a contratación dos servizos de apoio ás iniciativas musicais da Concellería de Xuventude.

Con data 23.03.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no oficio da oficina de Contratación, sen publicación de anuncio, presentouse unha única proposta : Iniciativas Sociais S.L. (XOMA).

O 23.02.04. a Mesa de Cotratación procedeu á apertura da documentación, admitindo a proposta e pasándoa ó servizo de Xuventude para elaboración de informe e proposta de adxudicación á Xunta de Goberno Local.

A xefa do servicio de Xuventude con data 16.03.04 emite informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola concelleira delegada de dito servicio e pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de acordo co informe-proposta da xefa do Servicio de Xuventude, acorda:

Adxudicar a Xoma Iniciativas Sociais S.L. a xestión do Servicio de Apoio a Iniciativas Musicais polo período dun ano, comprendido entre os exercicios 2004 e 2005 e con posibilidade de prórroga por outro ano máis, por importe de 11.133,75 € correspondentes ó ano 2004 e 3.711,25 € ó ano 2005, para o cal existe consignación orzamentaria con cargo á partida 4520.227.06.10.

34(385).- AUTORIZACIÓN Á FUNDACIÓN DO INSTITUTO FERIAL DE VIGO PARA OCUPACIÓN DOS TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO PAZO DE EXPOSICIÓNS E RECINTO FEIRAL DE COTOGRANDE. EXPTE. 16912/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servicio de Patrimonio, conformado polo xefe de Réxime Interior, que di o seguinte:

Que polo Director Xerente da Fundación do Instituto Ferial de Vigo (IFEVI) presentouse o Proxecto básico e de execución das obras de ampliación das instalacións do IFEVI no Recinto Ferial de Cotogrande, redactado polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Francisco J. Quijada Romero, e Manuel Portolés Sanjuán, aprobado polo Patronato da Fundación en sesión de 26 de.xunio de 2003, interesando do Concello de Vigo, como titular dos terreos sobre os que se executarán ditas obras, a súa aprobación e autorización.

O Concello de Vigo é Membro Fundador da Fundación do Instituto Ferial de Vigo constituído mediante Escritura pública do 6 de maio do 1998, e a que aportou no momento da súa constitución a cesión do uso do edificio e instalacións do Recinto Ferial de Cotogrande nunha superficie total de 75.000 m² e polo prazo máximo legal de 30 anos.

Tendo en conta que o Concello é o titular dominical do solo sobre o que se proxectan as obras de ampliación, e que en réxime de uso ostenta dito Patronato, faise necesario que éste dispoña da autorización correspondente para poder levar a cabo as obras de ampliación proxectadas sobre dito solo . Neste contexto circunscríbese a presente autorización que en todo caso quedará supeditada á viabilidade do proxecto que resulte dos informes co efecto deberá emitir a Xerencia de Urbanismo, así como das autorizacións e licencias que para súa execución sexa preceptivo obter .

De acordo co anteriormente exposto, non se aprecia obxección a que o Patronato poida levar a cabo a ocupación dos terreos que lle foron cedidos en uso por este Concello, coas obras de ampliación do Recinto Ferial, sempre e

cando as mesmas sexan destinadas única e exclusivamente ós fins fundacionais, resultando suxeita a nova instalación ó mesmo réxime xurídico a que está vinculado o solo sobre o que se proxecta , cos conseguintes efectos patrimoniais a que poida dar lugar e que concretaránse no momento da súa execución e recepción formal por parte desta administración.

Polo exposto à Xunta de Goberno Local proponse a adopción do seguinte acordo:

1º.- Outorgar á Fundación do Instituto Ferial de Vigo (IFEVI) autorización para a ocupación dos terreos de titularidade municipal do Pazo de Exposicións e Recinto Ferial de Cotogrande que nunha superficie de 75.000 m² lle foron cedidos en uso, coa ampliación das instalacións proxectadas e que foron aprobadas polo Patronato de dita Fundación en sesión de 26 de xunio de 2003.

2º.-A presente autorización queda condicionada ó informe favorable da Xerencia Municipal de Urbanismo que deba emitir sobre o proxecto presentado, e as licencias ou autorizacións que no seu caso sexan preceptivas obter para a execución de dito proxecto .

3º.-As obras de ampliación, unha vez executadas, e recepciónadas polo Concello, quedarán suxeitas ó mesmo réxime xurídico que o solo sobre o que se proxecta, vinculándose única e exclusivamente ós mesmos fins que o resto das instalacións do Recinto Ferial que en cesión de uso foron aportados á Fundación polo Concello, dando lugar nese momento as modificacións patrimoniais e participativas que correspondan .

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

35(386).- PROPOSTA DE ENCOMENDACIÓN DE FUNCIONS Ó XEFE DO SERVICIO DO LABORATORIO MUNICIPAL.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Seguidamente dáse conta da proposta de acordo que someten a consideración da Xunta de Goberno Local ós concelleiros delegados de Sanidade e Consumo e Medio Ambiente, que di como se transcribe:

Considerando as necesidades organizativas que se demandan nos distintos servicios municipais, e en tanto en canto non se proceda á creación e desenvolvemento regulamentario das distintas Direccións Xerais e Coordinacións Xerais, como órganos institucionais de carácter directivo previstos na Lei 57/2003, de Medidas para a modernización do goberno local, enténdese nembargantes necesario artellar un mecanismo provisorio de coordinación superior de carácter técnico e administrativo en certos servicios municipais estreitamente interrelacionados nos seus respectivos ámbitos funcionais e competenciais, razón pola que se considera oportuno á adopción do acordo que a continuación se transcribirá.

Considerando en consecuencia as facultades atribuídas en materia de xestión de persoal á Xunta de Goberno local no Artigo 127.1 da lei Reguladora de Bases de réxime local, na súa redacción conferida pola Lei

57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, fórmulase a seguinte proposta de acordo :

Primeiro: Que e a partires da data da presente resolución encoméndaselle ó Xefe de servico do Laboratorio municipal, Sr. D. Jesús Núñez-Torrón López, as máximas funcións de supervisión técnica e procedimental nos expedientes administrativos que sexan obxecto de tramitación polos servicos municipais de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, OMIC e do propio Laboratorio Municipal.

Segundo: Encomendarlle, a partires da data da presente resolución ó Sr. Xefe do Laboratorio Municipal, Sr. Núñez-Torrón, as funcións de instrucción dos expedientes sancionadores en materia medioambiental.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a precedente proposta.

36(387).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS DO SERVICIO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 40721 E 40710/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

a) PAVIMENTADO NO CASCO URBANO DE VIGO. EXPTE. 40721/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 26.03.04, conformado polo concelleiro delegado de servicos xerais, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar tecnicamente os proxectos de pavimentación que se relacionan cos presupostos base de licitación que se indican

NOME PROXECTO	PRESUPOSTO BASE LICITACIÓN
Rúa Alfonso XIII	60.939,01 €
Rúa Aragón	250.585,18 €
Avenida Arquitecto Antonio Palacios - Nudo Estación Autobuses	243.848,37 €
Rúa Cachamuiña	38.014,44 €
Avenida Camelias (dende Praza América ata Praza Independencia)	62.909,62 €
Avenida Camelias (dende Praza Independencia ata Rúa Marqués de Alcedo)	178.783,05 €
Rúa Condesa Casa Barcena	11.809,57 €
Rúa Ecuador (dende Avenida Gran Vía ata Rúa Taboada Leal)	47.090,13 €
Avenida Gran Vía (dende Praza España a Praza América)	287.913,89 €
Rúa Llorente-Rúa Santa Marta	31.728,16 €
Avenida Alcalde Emilio Martínez Garrido	222.877,92 €
Rúa Otero Pedrayo	10.742,04 €

Paseo Alfonso XII	26.877,37 €
Rúa Pizarro	83.318,47 €
NOME PROXECTO	PRESUPOSTO BASE LICITACIÓN
Rúa Placer	71.405,44 €
Praza España	84.702,02 €
Rúa Urzaiz (dende Avenida Gran Vía ata Alcalde Gregorio Espino)	331.700,18 €
Rúa Ramón Valle Inclán	14.280,47 €
Rúa Venezuela	140.664,91 €
Rúa Vía Norte (dende Rúa Escultor Gregorio Fernández ata Rúa Urzaiz)	17.833,16 €
Rúa Escultor Gregorio Fernández	32.918,68 €
TOTAL	2.250.942,08 €

Ascendendo a totalidade á cantidade de 2.250.942,08 € (Dous millóns douscentos cincuenta mil novecentos corenta e dous euros con oito céntimos).

b) HUMANIZACIÓN DA RÚA CRUZ BRANCA. EXPTE. 40710/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 26.03.04, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar técnicamente o proxecto de “Humanización da rúa Cruz Branca” cun presuposto base de licitación de 219.946,81 €.

37(388).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTOS DO SERVICIO DE ELECTRO-MECÁNICOS. EXPTES. 10791, 10793, 10796 E 10797/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

A Xunta de Goberno acorda aproba-las propostas de reforma elaboradas polo Servicio de Electro-mecánicos:

- a) Reforma e saneamento das instalacións eléctricas de alumado público no seto central da Gran Vía dende a Praza de España ata a Praza de América. Presuposto 197.048,53 €. Expte. 10796/444.
- b) Reforma e saneamento das instalacións eléctricas de alumado público no seto central da avda.de Castelao dende a rotonda do Alcampo ata a rúa Tomás Paredes. Presuposto 64.665,51 €. Expte. 10797/444.

- c) Instalación de fonte ornamental na rotonda das áncoras en Bouzas. Presuposto 110.374 €. Expte. 10791/444.
- d) Instalación de fonte ornamental na rotonda de avda. Portanet con avda. Castrelos de Vigo. Presuposto 173.918,80 €. Expte. 10793/444.

38(3899).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS DO SERVICIO DE PARQUES E XARDÍNS.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

A Xunta de Goberno acorda aprobar técnicamente os seguintes proxectos asinados polo enxeñeiro de Montes:

- a) Axardinamento mediana de Castelao 2ª Fase. Presuposto: 92.183,31 €
- b) Axardinamento do entorno do nudo de Isaac Peral. Presuposto: 211.327,51 €.
- c) Axardinamento entorno Estación de Autobuses. Presuposto 218.444,34 €.
- d) Axardinamento bulevar Gran Vía (tramo Illas Baleares-Praza de América). Presuposto 296.319,52 €.

39(390).- INFORME XURÍDICO SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ZONA FRANCA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA SOCIEDADE MERCANTIL.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

A Xunta de Goberno, tendo en conta as discrepancias que existen entre os servizos xurídicos do Concello e os da Zona Franca da cidade, acorda solicitar do prestixioso D. Tomás Ramón Fernández a elaboración dun informe xurídico sobre o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Zona Franca para a constitución dunha sociedade mercantil, aprobado polo Pleno do Concello en sesión do 2.03.04.

40(391).- SOLICITUDE DE REDACCIÓN DE PROXECTOS E REALIZACIÓN DE OBRAS Ó CONSORCIO DA ZONA FRANCA.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

A Xunta de Goberno acorda solicitar do Consorcio da Zona Franca da cidade, en base ós acordos de colaboración establecidos con este ente, a redacción dos proxectos e a realización das obras necesarias

para o acondicionamento e mellora das vías comprendidas na zona do cuadrante do ensanche, entre as rúas Carral, Montero Ríos, Policarpo Sanz e Concepción Arenal.

41(392).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás catorce horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.